# LA VOZ DE LA ESCUELA

LA VOZ DE GALICIA
MIÉRCOLES, 1 de OCTUBRE del 2025
N.º 1.407


*Frases para la historia*
**«¡Viva la Pepa!», o cómo burlar a los invasores franceses**
**página 6**

*Entre emociones y decisiones*
**Formarse como persona además de como estudiante**
**página 7**

*Calendario de outubro*
**Coñece as principais efemérides do mes**
**páxinas 4-5**




*CONFLITO INTERNACIONAL*

# Europa mira preocupada para o ceo

*As incursións de avións non tripulados no espazo aéreo dalgúns países como Polonia ou Dinamarca activan todas as alarmas*

L. CANCELA

Empezamos o curso cun tema internacional: a incursión de drons non autorizados en distintos países europeos. Para quen non o saiba, os drons son aparellos que voan sen piloto e se controlan a distancia. Existen moitos tipos: algúns se utilizan para gravar vídeos e outros forman parte da tecnoloxía militar. Estes últimos son os que preocupan aos países da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN). Imos aló.

**Que está pasando?**
Nas últimas semanas, cidades e aeroportos do norte e o leste de Europa viviron episodios que acenderon todas as alarmas: avistamentos de drons non identificados que obrigaron a pechar temporalmente espazos aéreos ou a mobilizar recursos militares e policiais. Por exemplo, Copenhague prohibiu temporalmente os voos comerciais de drons en todo o país o 29 de setembro, e o seu aeroporto tivo que pechar durante varias horas. Tamén houbo informacións de avistamentos en Polonia, Alemaña, Francia, Noruega, Lituania, Letonia e Romanía.

**Iso está mal?**
Si, moi mal. Temos que pensar que un obxecto descoñecido voando en espazos non autorizados pode poñer en perigo a seguridade dun sitio, como é un aeroporto. Ademais, é unha burla ás súas fronteiras se vén dun país estranxeiro ou pode actuar como unha ferramenta de vixilancia por parte dun terceiro.

**De onde saíron estes drons?**
Aínda se está investigando. Varios Gobernos europeos apuntaron cara a Rusia como posible orixe nalgúns casos, pero o Goberno ruso negou a súa implicación. Crese que estes drons estanse a utilizar como unha táctica de guerra híbrida, é dicir, como unha forma de presionar á Unión Europea. Non debemos esquecer que Rusia está en guerra con Ucraína, e que a Unión Europea é un firme apoio deste último país.

**Que están facendo os países afectados?**
Neutralizar os drons en zonas onde hai xente é, en primeiro lugar, perigoso, xa que poden caer nunha área moi poboada e danar a alguén. Por iso, algúns países optaron por non facer nada nese momento e só denunciar o avistamento, paralizar os voos ou despregar avións dos seus exércitos para vixiar o espazo aéreo. Diferente foi a decisión de Polonia, que en canto os detectou derrubounos. No seu caso, puido identificar que se trataba de drons rusos, aínda que o Ministerio de Defensa deste país dixo que os drons que eles utilizaron esa noite tiñan como obxectivo Ucraína e que non tiñan capacidade para chegar a Polonia. Deron a entender que erraran no seu camiño. Tras a incursión destes drons, Polonia solicitou á OTAN —unha organización de países que se coidan entre eles— a activación do artigo 4, algo así como unha alarma para reunirse entre eles e decidir que facer. O resto dos países con avistamentos solicitaron cooperación multinacional.

**Por que?**
Porque a Unión Europea debe dar unha resposta conxunta en materia de defensa. Por iso, propúxose a construción dun muro antidrons: un sistema de radares e defensas para detectalos e frealos en zonas críticas. Este situaríase na fronteira do bloque oriental, pegado a Rusia. Ademais, expúxose pedir axuda de Ucraína, xa que este país ten experiencia loitando contra os drons rusos.

**E a OTAN?**
A OTAN reuniuse para analizar a situación e coordinar medidas de defensa. Isto non significa que haxa guerra, senón que os países aliados se manteñen alerta. Non obstante, Rusia está mirando con lupa o papel da OTAN, porque Donald Trump intenta desentenderse da súa participación.




*PREVISIÓNS*

## Poderían chegar drons non autorizados a España?

A pregunta que convén facernos é: estes drons poderían chegar ao espazo aéreo español? Si, é posible que drons non autorizados cheguen ao noso territorio, pero é moi pouco probable. Rusia está lonxe de España e, polo momento, só está a burlar o espazo aéreo máis próximo ás súas fronteiras. Temos que pensar que Moscova non confirmou que os enviase de forma directa.

Agora ben, que pasaría? Se un dron non autorizado se achegase a Madrid, as autoridades activarían protocolos de emerxencia que poderían incluír a detección e seguimento mediante radares e sistemas de vixilancia, o despregamento de aeronaves militares para interceptar e neutralizar o dron se fose necesario, o peche temporal do espazo aéreo para garantir a seguridade e a investigación da orixe e propósito do dron para avaliar posibles ameazas.

**Ensaios na vida real**
É máis, en setembro, as Forzas Armadas españolas adestráronse nesta situación en Canarias. Aínda que se descartou que este simulacro estivese motivado pola incursión de drons non autorizados noutros países europeos, si é necesario preparar a defensa aérea. É como un adestramento, e coñécese como activación. Esta activación é a terceira do ano. Xa houbo outras dous similares: unha en marzo na costa mediterránea e outra en maio en augas de Galicia.

ACTIVIDADE BÁSICA

### BANDEIRAS

**No mapa podemos observar os países que detectaron unha incursión de drons non autorizados. Nun papel, escribe o seu nome e debuxa a súa bandeira. Que países fan fronteira con Rusia? E con Ucraína? Algún está pegado a España?**

**------------------**

**As actividades están deseñadas por L. Cancela**

PULSO INTERNACIONAL

# Rusia tentea a OTAN

## O presidente ruso, Vladimir Putin, quere saber ata onde está disposta a chegar a alianza militar occidental para defender o seu territorio

L. CANCELA

Durante moitos anos, desde a Segunda Guerra Mundial (SGM), o mundo occidental dividiuse entre proestadounidenses e prorrusos. Uns representaban o mundo capitalista, o afán de vivir mellor e ter máis cousas; os outros, a utopía comunista de sermos todos iguais. A fronteira entre ambos era Europa, e do lado prorruso non só estaba a propia Rusia, senón todos os Estados que xunto (o mellor dito, baixo) ela formaron unha república de repúblicas, a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS: Belarús, Ucraína ou os bálticos Letonia, Estonia e Lituania, entre outros) e os países satélites (Polonia, Bulgaria, Hungría, Romanía, media Alemaña...).

Para garantir a defensa común dos países aliados, os Estados Unidos e a chamada Europa occidental formaron a Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN), que ten no artigo 5 do seu acordo a clave de todo o sistema: se un país de fóra da OTAN ataca a un país da OTAN, o resto dos Estados da Alianza entrarán en guerra contra o atacante. Se a URSS lanzase unha bomba a Francia, por exemplo, os Estados Unidos (a maior potencia militar do mundo) atacarían Rusia. Ante a creación da OTAN, a URSS e os seus socios formaron algo parecido, o chamado Pacto de Varsovia.


Vladimir Putin é o home máis poderoso de Rusia e un dos máis do mundo. Foto: Sergey Bulkin. Efe

A tensión entre ambas partes era enorme (a chamada Guerra Fría), pero en 1989 caeu o muro de Berlín, unha fronteira física entre ambos mundos, e a súa caída debeuse a que o capitalismo gañou ao comunismo. Foron moitos os factores, pero o certo é que a utopía comunista era unha distopía, e a xente fuxía del.

### Rusia grande de novo

Os rusos estaban doentes, xa podedes imaxinar, e uns anos despois Vladimir Putin fíxose co poder a partir dunha promesa que igual vos soa, porque vén ser o mesmo que o de Trump: Rusia volvería ser grande de novo. E desde entón só quere crecer.

Rusia quixo desde sempre facerse con Ucraína, e Europa non lle fixo moito caso. Nin no 2004 nin nos disturbios do 2013 (o chamado Euromaidán) nin cando invadiu Crimea ou se anexionou o Dombás. No 2020 foi quen de colocar un Goberno monicreque na veciña Belarús.

Putin, coma todos os ditadores, pensa que as democracias son débiles, que se enredan en discusións menores e non saben defenderse con decisión. Parte de razón ten, porque en democracia as decisións se toman doutro xeito, negociando, e a violencia é descartada por definición.

Putin aproveita que Europa debe a súa forza militar ao respaldo da OTAN, e os Estados Unidos (verdadeiros xefes da OTAN) están en mans dun home que non cre nesta alianza, pois a ve como unha carga innecesaria.

Con todo o anterior, xa imaxinades que é isto dos drons: un tenteo de Rusia para saber cal é a determinación da OTAN e da Unión Europea para defenderse.

## Moldavia decide achegarse á UE nunhas claras eleccións

O pulso de Putin ten moitos frontes e un dos máis inquietantes é facerse co control dos países europeos veciños seus a través de eleccións democráticas. Un partido prorruso se presenta ás eleccións, recibe moitísimo diñeiro do Kremlin (a sede de Goberno de Rusia) e gaña. A partir de aí, o país vive unha deriva prorrusa e contra Europa moi perigosa. Iso é o que ocorreu con Belarús.

O pasado fin de semana houbo eleccións en Moldavia, que podedes buscar no mapa. É un país pequeno veciño de Ucraína. Unha parte quere ser rusa (ou iso din os rusos), e declarouse república independente, Transnitria. Había medo na Unión Europea de que este fin de semana o resto do país seguise os seus pasos, pero o partido proeuropeo da presidenta, Maia Sandu, gañou por maioría absoluta.

ACTIVIDADE MEDIA

### OTAN VERSUS PACTO DE VARSOVIA

**De seguro que non oístes falar do Pacto de Varsovia. Pois podedes buscar en internet (ollo coas páxinas que mirades!) a ver que era aquilo e que países o formaban. Podedes dividirvos en grupos e cada un analizar un aspecto desta institución: acordos, forzas, países, evolución...**

ENTENDER

## O Vello Continente está só e necesita aliados

**■ Europa era o continente máis poderoso do mundo ata finais do século XIX. Xa fora España no século XVI, Francia no XVIII ou o Reino Unido no XIX, os que mandaban estaban aquí. Pero no século XX as cousas cambiaron moito e o poder tíñano claramente os Estados Unidos. A vantaxe? Que era un fiel aliado de Europa, á que admiraba, e porque de feito a meirande parte dos seus habitantes eran europeos ou fillos e netos deles.**

**■ No século XXI apareceron novos actores: a China (é a segunda potencia económica mundial), a India e, dun xeito diferente pero importante, Rusia. Os Estados Unidos teñen que pelexar en moitos frontes e Europa xa non pode axudar como antes. Trump non é máis cun síntoma de todo isto.**

**■ Europa ten que buscar novos aliados, ser moi flexible se quere seguir existindo como tal: un espazo de dereitos, respecto a grandes e pequenos, e de paz e prosperidade en liberdade.**

PROFUNDAR

## Estamos dispostos a ir a unha guerra? O prezo dun enfrontamento bélico

**■ Imaxina que Putin lanzara un mísil contra Berlín. É unha tolemia, claro, pero pensemos que o fai. Europa declararíalle a guerra a Rusia? E se os Estados Unidos din que non queren saber nada, que nos arranxemos sós, iría a UE a un enfrontamento bélico? Importante cuestión!**

**■ Seguro que habería moitas voces a favor e en contra da guerra, e todas terían algunha parte de razón. Pódese evitar a guerra só con non querela? Pero alguén quere unha guerra?**

**■ O certo é que non sabemos que podería pasar, pero calquera decisión debería estar moi ben pensada. A guerra non é unha solución porque cando remata a cantidade de dano feito claramente non compensa a vitoria. Pero, estariades dispostos a vivir nunha ditadura, sen poder expresar as vosas opinións, con risco de cárcere por dicir ou vivir como queredes, traballando sen posibilidade de estar tranquilos na casa? Viviriades baixo unha potencia estranxeira? Nós xa vivimos nunha ditadura non hai tanto. Preguntade aos vosos maiores (os avós) que pensan eles dunha guerra por manter a liberdade de hoxe.**

**■ Europa ten a oportunidade de demostrar a súa forza sen chegar tan lonxe. Pero para iso ten que estar unida e apoiar as decisións do Goberno da Unión Europa. Non deixarse levar polas campañas de desinformación, non antepor as emocións á razón. E non esquecer nunca que a nosa debilidade é de feito a nosa forza: a liberdade de ser quen queremos ser.**

A. AVANZADA

### NA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

**Na Segunda Guerra Mundial Europa loitou pola súa liberdade. Mirade nun libro (ou na web) de historia para saber que erros cometeron entón para ter que chegar a unha guerra, e as secuelas que deixou en mortos e vidas esnaquizadas.**

HEMEROTECA

# Así empezaban las clases en el año 1900

*Asistamos al acto de apertura de curso de un instituto provincial de hace 125 años*

CARLOS OCAMPO

¿Cómo fue la vuelta a clase después de este caluroso verano? ¿Te identificas con alguno de los titulares que La Voz publicó el 8 y el 9 de septiembre? Por ejemplo: «El verano se despide con la vuelta al cole: "Es un sí y un no. Quiero ver a mis amigos, pero quiero seguir de vacaciones"»; «Mucha alegría, globos, alguna lágrima y canciones de bienvenida en la vuelta al cole de más de 7.000 alumnos mariñanos»; «Miles de estudiantes regresan a sus aulas: "Se levantaron a las siete de la mañana, ya listos para ir a clase"». ¿Pasó algo divertido en vuestro centro, como con el «"Paso de vacas" en Culleredo para volver al cole» o el caso de «Don Juanito, el agitador de una vuelta al cole en Pontevedra con "muchos niños charlatanes"»? ¿Tuvisteis la visita de algún personaje público, como en este caso: «Inés Rey inaugura el curso escolar en el CEIP Curros Enríquez, "de fábrica de armas a fábrica de cerebros"»? ¿U os quedáis con un titular puramente informativo, como: «Más de 32.000 alumnos regresan hoy a las aulas en la provincia de Lugo» o «La vuelta al cole supone para las familias un gasto superior a los 400 euros por alumno»? ¿Quizás los mayores, más maduros y a punto de ir a la universidad, prestáis más atención a noticias como que «La USC abre el curso recordando a Gaza y exigiendo vivienda, lealtad y unión»? Buscad cualquiera de estos titulares que os haya llamado más la atención en lavozdegalicia.es para leer la noticia completa antes de dar un salto atrás de 125 años.

Nos vamos a 1900, al 2 de octubre. Ese día el periódico hablaba de «La apertura del curso académico» en A Coruña y le dedicaba casi toda la primera plana, cuando entonces La Voz tenía cuatro páginas. La información se centraba en cómo había sido en la Escuela Normal, en la Escuela Superior de Comercio y en el instituto provincial. Eran tres de las instituciones que contemplaba la Ley de Instrucción Pública de 1857, conocida como ley Moyano. Fíjate en que se trataba de una ley con casi 50 años de antigüedad. ¿Te parece mucho tiempo o poco? Para que te hagas una idea, a ti te afecta la Lomloe, promulgada en el 2020 y que sustituye a la Lomce, que es del 2013, que a su vez revisa la Loe, del 2006.

### Tres etapas

La ley impulsada por el ministro de Fomento Claudio Moyano establecía tres etapas: Primera Enseñanza, impartida en escuelas y gratuita; Segunda Enseñanza, que se daba en institutos provinciales y permitía obtener el título de Bachillerato en Artes; y las enseñanzas superiores (Filosofía, Derecho, Medicina, las ingenierías, Bellas Artes, Arquitectura...). Dentro de estas últimas, las escuelas normales de la época, como la de A Coruña, eran los centros en los que se formaban los maestros de escuela, es decir, los que hoy llamamos de primaria, y la de Comercio impartía enseñanzas profesionales mercantiles, que equivaldría a la actual Empresariales.

En cuanto a los institutos provinciales, el de A Coruña es hoy el IES Eusebio da Guarda, y al acto de apertura de curso de ese 2 de octubre de 1900 asistieron un concejal en representación del alcalde y el director de la Escuela de Bellas Artes, lo que da una idea de su importancia. Fue un acto solemne en el que el director del instituto se refirió a un asunto que ¿sigue hoy de actualidad? Fíjate en lo que dijo: «Tardíamente llegó á España el eco de las campañas sostenidas en varias naciones, principalmente en Francia, acerca de lo innecesario de los estudios clásicos [latín, filosofía y otras materias humanísticas], en menoscabo de los de inmediata aplicación á la Agricultura, Industria y Comercio.

»Mucho se ha hablado y escrito en España en igual sentido [...]. Demuéstrase en dicha información que la enseñanza llamada clásica no debe limitarse á los que se consagran á las carreras literarias, porque siendo instrumento precioso da cultura general (que es el carácter principal de la segunda enseñanza), alcanza lo mismo á los que se dediquen á los estudios fundamentales de Ciencias y Letras que á las personas llamadas á ponerse al frente ó á ocupar notables puestos en la Agricultura, Industria y Comercio».

**PARA SABER MÁS**

Los suscriptores pueden acceder a la Hemeroteca de La Voz desde lavozdegalicia.es/hemeroteca/. Un consejo: para tener éxito en la búsqueda, utiliza los cuadros que permiten acotar las fechas.



La Voz de Galicia

LA ENSEÑANZA EN LA CORUÑA

**2 DE OCTUBRE**

**La apertura de curso se celebraba con un acto solemne en el instituto provincial de A Coruña en 1900.**

Compara estas palabras con el artículo de opinión publicado en La Voz, sin ir más lejos, este viernes 26 de septiembre, titulado «Queremos un alumnado culto ou emprendedor?». En él dice su autor: «A súa tarefa [de los profesores de la enseñanza pública] é sentaren as bases cognitivas para que todo o alumnado desenvolva ao máximo a súa potencialidade. [...] Os expertos da Administración e da universidade, que adoitan compartir a graciosa característica de non teren impartido xamais unha clase nunha escola ou nun instituto, chegaron á conclusión de que ensinar e avaliar contidos é unha idea pedagóxica anticuada, e propoñen [...] aprendizaxe orientadas cara á práctica, [...] as que aluden á tecnoloxía, á enxeñaría, ao mundo dixital e á empresa. [...] Onde fican as linguas clásicas, a historia, a filosofía, u-lo espírito crítico e cívico, que é vital para a democracia? Non dá a sensación de que o que se busca é formar traballadores que satisfagan as necesidades do mercado?[...] E non será que o que se busca, a maiores, é evitar cambios sociais e culturais, que adoitan vir da man do coñecemento?».

### Debatamos

Esto plantea un debate interesante sobre la eliminación del Latín como materia obligatoria o sobre si la enseñanza debe ser práctica o, como sugiere el autor del artículo, orientarse a formar a personas capaces de pensar por sí mismas.

ESCUELA DE MEDIOS

# Guerra de bulos y propaganda

CÉSAR RODRÍGUEZ

El 7 de octubre del 2023, Hamás atacó a Israel por sorpresa. Entonces empezó una guerra que ha arrasado Gaza y ha causado decenas de miles de víctimas mortales entre la población palestina de la Franja. Desde que empezó esta terrible fase del histórico conflicto en Oriente Medio, con niveles de destrucción y masacres nunca alcanzados hasta ahora allí, la propaganda y la desinformación han sido también armas poderosas, ayudadas por la muerte de numerosos periodistas de la zona.

### La hambruna y los mercados

Cuando el 22 de agosto la ONU declaró la hambruna en Gaza, Israel dijo que era «propaganda de Hamás». No usó solo palabras. También gastó dinero. Una investigación internacional, elaborada por miembros del consorcio Eurovision News Spotlight, reveló que el Gobierno de Netanyahu había gastado millones de euros en campañas en YouTube o en X para desacreditar a las agencias de Naciones Unidas o dar difusión en Europa a vídeos que mostraban mercados repletos de alimentos en la Franja. Israel domina estas estrategias. Las usó para ayudar a que su representante en Eurovisión 2025 fuera la más votada por el público.

Los vídeos de la comida en Gaza eran engañosos, pero tuvieron millones de visionados. En esas fechas, si alguien buscaba en Google información sobre la hambruna, aparecían enlaces patrocinados por Israel. Si se pinchaba en ellos, se accedía a información favorable a Tel Aviv.

### El genocidio y «los idiotas»

En septiembre se produjo una cascada de reconocimientos internacionales de Palestina como Estado para intentar frenar la ofensiva israelí en Gaza. Y se debatió sobre el uso de la palabra genocidio. Con el debate, llegaron los bulos. En X circuló un vídeo en el que el primer ministro alemán, Friedrich Merz, supuestamente llamaba idiotas a los que definían con ella lo que está haciendo Israel en la Franja. Merz no dijo eso. El texto del tuit mentía. Otros usuarios aportaron contexto, denunciando la falsedad. Pero ahí sigue el mensaje, con más de 700.000 visionados y seis mil comparticiones.

Muchas veces la desinformación consiste en alterar parcialmente la realidad. Otro bulo difundido estos días, sobre todo en TikTok, hablaba de que pilotos militares de Estados Unidos habían sido detenidos por negarse a volar en aviones de guerra a Israel e iban a ser ingresados en prisiones militares. ¿Fue así? No. Eran dos veteranos que protestaban en el Senado contra el «genocidio en Gaza». Y fueron arrestados por interrumpir la sesión. Otra vez los subtítulos llevaban a pensar otra cosa. Hay que tener mucho cuidado con ellos.



Una cola para conseguir alimentos en Gaza. Foto: Mahmoud Issa / Reuters

# OUTUBRO 2025




ILUSTRACIÓN **PINTO & CHINTO**

| SEPTIEMBRE | NOVIEMBRE | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L M Me X V S D | L M Me X V S D | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

LUNS

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

MARTES



***Da xeración Nós***
Neste día de 1884 nacía en Ourense o escritor, etnógrafo e político Vicente Risco, membro da xeración Nós.



***Volta a casa***
Charles Darwin regresou a Inglaterra a bordo do Beagle en 1836, despois de cinco anos de expedición científica.



***Unha soa Alemaña***
En 1990, ás 0.00 horas do 3 de outubro, deixou de existir a República Democrática Alemá (RDA) e integrouse na República Federal.



***Os días que nunca existiron***
A reforma gregoriana do calendario entrou en vigor neste día de 1582, polo que aquel ano do día 4 de outubro pasouse ao 15.

*DÍA MUNDIAL DOS PROFESORES*

**6**



***Morreu pola paz***
O presidente exipcio Anwar el Sadat foi asasinado no Cairo en 1981, en vinganza por establecer a paz con Israel.

**7**



***Xestor da editorial Nós***
A revolución de outubro de 1934 suspendeu unha homenaxe que se ía celebrar nun hotel de Santiago a Ánxel Casal, promotor de Nós.

**8**



***Mito revolucionario***
O famoso guerrilleiro Ernesto *Che* Guevara foi capturado e executado na crebada do Yuro, Bolivia, en 1967.

**9**



*DÍA MUNDIAL DO CORREO*

**10**

*DÍA INTERNACIONAL CONTRA A PENA DE MORTE*

**11**



***Xuntos na vida e na morte***
O poeta Jean Cocteau e a cantante Edith Piaf, amigos e confidentes, faleceron o mesmo día de 1963.

**12**



***Festa Nacional***
Conmemora o día que Colón chegou a América e celebra a irmandade de todas as vilas de orixe hispánica.

**13**



***Odisea na montaña***
Un avión uruguaio con un equipo de rugby estrelouse en 1972 nos Andes. Sobreviviron na neve 16 mozos durante máis de dous meses.

**14**



***Alerta vermella***
Hai 63 anos que un avión espía descubría a instalación de mísiles soviéticos en territorio cubano, o que desatou unha crise mundial.

**15**



***Un vello león***
Konrad Adenauer, líder da recuperación de Alemaña tras a Segunda Guerra Mundial, deixou a chancelería hai hoxe 80 anos.

**16**



***O final dun imperio***
A estrela de Napoleón Bonaparte apagouse en 1813, ao ser derrotado polas nacións europeas aliadas na batalla de Leipzig.

**17**



***Barcelona olímpica***
Barcelona gañou en 1986 a súa designación como sede dos Xogos Olímpicos de 1992. Foi un momento dourado para a cidade.

**18**



***Unha marca única***
En 1968, nas Olimpíadas de México, Bob Beamon bateu a marca de salto de lonxitude con 8,90 metros. Tardouse 22 anos en batela.

**19**



***Un filólogo coruñés***
O coruñés Ramón Menéndez Pidal pronunciou o discurso de ingreso na Real Academia Española en 1902.

**20**



***Conferencia de Madrid***
Israel anunciou, por fin, a súa participación en 1991, sendo primeiro ministro Isaac Shamir. A paz nunca estivo tan preto como daquela.

**21**



***Trafalgar***
A escuadra inglesa dirixida polo almirante Nelson derrotou ás combinadas de España e Francia en 1805. Nelson morreu na batalla.

**22**



***Campión mundial***
No Gran premio do Brasil do 2006, Fernando Alonso consagrouse por segundo ano consecutivo como campión do mundo de fórmula 1.

**23**



***Traxedia escolar***
Nunha explosión de gas no colexio público de Ortuella, Biscaia, morreron 49 nenos e 3 adultos en 1980. A vila quedou case sen nenos.

**24**

*DÍA DAS NACIÓNS UNIDAS*

**25**




***Estrea das autonomías***
Cataláns e vascos votaron en referendo os seus estatutos de autonomía en 1979. Nacía o estado autonómico español.

**26**



***Para salvar vidas***
A batalla de Solferino, dos rebeldes italianos contra Austria en 1863, fixo que suízo Henry Dunant creara a Cruz Vermella.

**27**



***A primeira médica***
Martina Castells i Ballespí foi a primeira muller que obtivo en España o doutoramento en Medicina en 1882.

**28**



***«Mariñeiro en terra»***
O poeta da xeración do 27 Rafael Alberti faleceu no Porto de Santa María, Cádiz, en 1999 aos 96 anos tras unha vida de película.

**29**



***Educación de vangarda***
A Institución Libre de Ensino fundouse en Madrid nesta data do ano 1876. Cría na liberdade de pensamento e creación.

**30**



***Pioneiros do aire***
O primeiro cepelín para viaxeiros chegou en 1928 a Nova York en viaxe oficial de inauguración. Tiñan moitos accidentes.

**31**



*DÍA DO ENSINO*

**PRENSA-ESCUELA**

EN LAS REDES SOCIALES

**Queremos estar cerca de ti, para que tengas la mejor información de lo que se hace en la escuela gallega y disfrutes de contenidos que informan y entretienen. Nos puedes seguir en las redes sociales, que adaptamos a las distintas edades:**

Instagram
TikTok
Facebook
YouTube
X
Web

NEWSLETTER

**Como complemento, La Voz de Galicia ofrece cada martes lectivo un boletín en línea que mandamos a los correos electrónicos que se dan de alta y que tiene la información más relevante de la educación gallega.**

## *FRASES PARA LA HISTORIA*

# *«¡Viva la Pepa!»*

### *Un grito por la libertad se convirtió en sinónimo de desorden*

SARA CARREIRA

Imaginaos la situación. 1812. España llevaba cuatro años ocupada por los franceses, en medio de una guerra de guerrillas y batallas muy crueles a las puertas de las ciudades y villas. Tras la invasión, parte de los políticos escaparon de Madrid y terminaron en Cádiz. Allí, una España sin rey (en ese momento se pensaba que Fernando VII estaba secuestrado por Napoleón, aunque la huida había sido voluntaria) se reunía para cambiar las reglas del juego. En un teatro primero y en una iglesia después, los políticos españoles idearon una ley que sirviese de base para todas las normas españolas, la llamada Constitución (ya la tenían Estados Unidos y Francia).

Tardaron meses en acordar un texto. Fue una pelea encarnizada entre moderados y progresistas (llamados liberales), y estos últimos vencieron en muchos puntos: la Constitución limitaba por primera vez el poder del rey, decía que el Gobierno no podía mandar sobre el Parlamento ni sobre los jueces, y reconocía el valor de los deseos del pueblo (un término, la soberanía nacional, que será importantísimo a partir de entonces). No era una ley democrática, no vayáis a pensar (las mujeres y los trabajadores no tenían voz ni voto), pero comparado con lo que había, fue un paso de gigante.

**QUIÉN LO DIJO**

**Popular.** No se le atribuye a ninguna persona en concreto, sino a la gente de Cádiz.

**CUÁNDO LO DIJO**

**Momento.** El 19 de marzo de 1812 en las calles de Cádiz. Contexto. Ese día se aprobó la primera Constitución Española, y como es el día de San José, la gente empezó a llamarla «la Pepa». El grito se extendió por España porque los franceses, que tenían ocupado el país, prohibieron vitorear la Constitución.

**CÓMO SE USA HOY**

**Dicho coloquial.** Cuando queremos referirnos a un momento de alboroto popular, de alegría y cierto descontrol.

Los franceses estaban furiosos: ¡los pobretones españoles se rebelaban contra el grandísimo Napoleón Bonaparte! Porque mientras en Cádiz se escribía una Constitución, en Madrid era rey José Bonaparte, hermano de Napoleón. Así que no querían que se festejase la Constitución. ¡Pero no contaban con el ingenio español! No se podían lanzar vivas al texto legal, muy bien, pero ese documento se aprobó el día de San José, así que la gente —sobre todo los liberales— lo tuvo claro: no vitoreamos la Constitución, sino la Pepa. Y así nació la expresión. Enseguida se extendió por toda España y la gente tuvo un motivo más para enfrentarse a los invasores. ¿Fue el primer lema político español de la edad contemporánea? Posiblemente.

Lo singular del caso es que los franceses querían imponer a España una cultura política tan avanzada como la de la Constitución. Eso sí, esta tenía un espíritu democrático que los franceses no iban a permitir en España.

La historia ya la sabéis: por el empecinamiento español (enteraos de cómo resistieron a los invasores los vecinos Zaragoza y Gerona, vais a alucinar) y las malas decisiones militares de Napoleón (que intentó conquistar Rusia), los españoles acabaron expulsando a los franceses y no nos convertimos en parte de Francia. Volvió el rey Fernando VII y..., bueno, esa es otra historia.

Por lo que respecta a nuestra frase, con el paso de los años la expresión cambió de significado, aunque algo de su esencia ha quedado: seguro que habéis oído a alguna persona mayor decir «¡Viva la Pepa!» cuando describe un momento de algarabía callejera, de desorden feliz, de alboroto festivo.




Recreación por inteligencia artificial de las protestas en Cádiz.

## *LA ESCUELA SALVAJE*

# De vuelta

ANTONIO SANDOVAL

Igual que las aves viajeras, un otoño más los ejemplares de La Voz de la Escuela llegan a multitud de aulas. De hecho, abrir y leer este suplemento es muy parecido a extender las alas y echar a volar. A volar con la curiosidad, el asombro, la creatividad... Para llegar con ellas muy alto, y muy lejos.

De muy lejos, y a menudo tras volar muy alto, llegan precisamente también estos días muchos pajarillos migratorios a nuestros campos. Alcanzan nuestros bosques, prados, huertas, jardines o parques tras haber realizado largos viajes desde el norte de Europa. Algunos lo hacen después de cruzar volando durante horas y horas anchas zonas de mar.

Su vuelta es como la de este suplemento a las aulas y a tus manos, y como la caída de las hojas de los árboles, o los amaneceres cada vez más tardíos, un síntoma más de que estamos ya en pleno otoño. Uno de los pájaros más comunes en el noroeste de España es el petirrojo. Seguro que lo conoces. En Galicia lo llamamos *paporrubio, paporroibo, peizoque*... En Asturias lo conocen como *raitán*. Su nombre en euskera es *txantxangorri*. Su canto, muy melodioso, es parte inseparable de nuestros campos.

En el Reino Unido se conoce como *robin*. De allí vienen muchos de los que llegan en estas fechas a pasar aquí los meses más fríos. Han de compartir, de esta manera, muchos de los paisajes que les son más atractivos con los petirrojos locales, que no migran.

Bueno, lo que hacen no es exactamente compartir. Digamos que se reparten esos lugares. Y es que los petirrojos, tanto en primavera como en invierno, son muy territoriales. Una vez deciden que una finca es suya, la defienden de otros con constantes avisos y encontronazos. Ese es uno de los motivos de que sigan cantando todo el año: es una de sus maneras de marcar sus propiedades.



Es muy probable que haya uno o más petirrojos cerca de tu centro.

**En busca de petirrojos**

Es muy probable que haya uno o más petirrojos cerca de tu centro. Les gusta establecerse en lugares como jardines y parques, zonas boscosas con áreas abiertas próximas... Quizá desde la ventana de tu aula se divisa un paisaje así: probad a ver si aparece alguno.

Os hará falta buena vista, quizá unos prismáticos y algo de paciencia. También podéis intentar localizarlo con el oído. Como son tan cantarines, tarde o temprano revelan su presencia con sus melódicas voces. Buscad cómo suenan, y prestad atención. Mientras esperáis a que cante alguno, ¿qué otras aves vais encontrando?

Allá por el siglo XIX los carteros del Reino Unido lucían uniformes de color rojo. Como consecuencia, terminaron por ser conocidos como *robins*. Lo cual tiene que ver con que en muchas tarjetas de felicitación navideñas de ese país aparezca este pájaro... Investiga sobre esto. Busca de paso información sobre por qué se considera el ave nacional de ese país.

■ **Para saber más.** Información sobre el petirrojo europeo en SEO/BirdLife: http://bit.ly/4pRyO6W

**asandovalrey@gmail.com** es escritor y divulgador.

## ENTRE EMOCIONES Y DECISIONES

# Vamos a aprender a conocernos mejor

*Hay herramientas para saber qué sentimos y poder controlarlo. Este curso te vamos a enseñar a usarlas*



Imagen de archivo de un taller de emociones en el IES Alfoz-Valadouro.

CATEMO EDUCACIÓN

—Profe, ¿para qué sirve estudiar tanto si luego me pongo nervioso y me quedo en blanco en los exámenes?

—Me alegro de que me hagas esa pregunta. ¿Sabes qué? Las emociones son tan importantes como las Matemáticas o el Inglés. Si no aprendes a entenderlas, te costará mucho más tomar buenas decisiones en tu día a día.

—Entonces... ¿de eso también se puede aprender?

—Claro que sí.

¡Empezamos un nuevo curso escolar y vamos a seguir hablando de emociones, aunque con un formato diferente!

Todos los comienzos traen consigo una mezcla de emociones: ilusión, nervios, inseguridad, curiosidad, ganas de descubrir... Y todas son válidas. Como siempre os decimos, lo importante no es que evitemos sentir estas emociones, sino reconocerlas, aceptarlas y aprender a gestionarlas.

Porque sí, a todos nos pasan cosas en nuestro día a día que nos hacen emocionarnos. Y desde esas emociones vamos tomando nuestras pequeñas o grandes decisiones.

**Comprender qué sentimos**

Por ejemplo: si estamos enfadados, posiblemente actuaremos de una forma impulsiva, respondiendo rápido y sin pensar demasiado en las posibles consecuencias. ¡Seguro que desde el enfado no tomaremos la mejor decisión! Si, por el contrario, estamos felices, es más probable que nos arriesguemos a probar cosas nuevas, queramos hacer más planes con nuestros amigos...

Este curso vamos a hablar de lo que sentimos, de lo que pensamos, de cómo nos comportamos y, en definitiva, de lo que podemos aprender sobre nosotros para comprendernos mejor y tomar mejores decisiones, por eso hemos titulado la sección Entre emociones y decisiones.

Nuestro objetivo es exponerlo de una manera clara, con ejemplos sencillos, planteando preguntas que nos ayuden a pensar y a reflexionar.

Pondremos siempre el foco en el autoconocimiento, en generar relaciones positivas con las diferentes personas de nuestro entorno y, en definitiva, en nuestro propio bienestar.

Poco a poco debemos aprender a escucharnos y a ponernos en marcha de forma consciente, incluso cuando el camino sea incierto y tengamos muchas dudas.

Cada emoción trae consigo un aprendizaje, y cada decisión que tomamos nos ayuda a crecer, así que:

- **Escucha lo que sientes.** Tus emociones te dan pistas de lo que necesitas.
- **No temas equivocarte.** Cada error trae una oportunidad de aprender.
- **Toma tus decisiones.** Aunque parezcan pequeñas, van construyendo tu camino.

Seguiremos incluyendo sugerencias, herramientas o reflexiones dirigidas a los padres, profesores y educadores que sirvan para acompañar mejor a los jóvenes en esta etapa de su vida. Sentirse comprendidos por los adultos de su entorno es fundamental para su desarrollo personal y emocional.

Este curso os invitamos a caminar con nosotras entre emociones y decisiones.

**Catemo Educación** es un gabinete de expertas en educación a lo largo de la vida.

## ENREDEIRADAS

# «Papá, dáme tempo de uso!»

*Ante a demanda dos adolescentes con móbil e o empacho de «reels», defende o sentido do tempo en desuso*



A receita da torta de chocolate de «Matilda» está en TikTok. Ti verás...

ANA ABELENDA

«Agora todo comeza antes», afirma a miña filla de 15 anos interpretando por sorpresa o papel estelar da súa nai, que lle leva polo menos dúas adolescencias. A retirada do cueiro e os proxectos académicos na escola infantil, os concertos de Aitana e de Quevedo, as mil e unha extraescolares, os supercumples en xigantes infraestruturas elásticas e as festas de pixamas. Agora todo empeza antes salvo o de aprender esas cousas *de patacón* que son a columna vertebral da independencia. Con 9 ou 10 anos, moitos non saben facer a cama (a ver que nai llelo pide!), recoller os restos do almorzo e preparar unha merenda, atar os cordóns dos zapatos ou facerlle unha pregunta directa á profe, pero o último en YouTube e TikTok non se lles pasa. Todas as adolescencias vistas de lonxe se parecen, pero cada unha se mobiliza á súa maneira. Estas de agora andan *enredeiradas* por enriba da súa idade e da nosa habilidade e comenencia. Hoxe a cuestión é o móbil. O obxecto, non a causa. A cuestión clave é iso que chaman «tempo de uso», contrasinal en familias con brecha dixital, unha das grandes reivindicacións na casa varias veces ao día. «Papá, dáme tempo de uso!». Son estas as usanzas da ansiedade contemporánea nesas familias nas que aínda entra en xogo a resistencia.

Hai unha nube de anos o tempo dos adolescentes non era tan utilitario. Era un tempo pasmón, con fondo, universo de liberdade sen pegada dixital, con amizades menos etéreas, creo. En feituras, o tempo adolescente de hai décadas era fixo como un teléfono en fite na mesa ante a posibilidade remota dunha chamada. Esa posibilidade enchía o tempo en desuso da vella adolescencia. Entón a ansiedade creo que era, sen máis, impaciencia. O adolescente sen *reels* movíase polas leiras fóra do ollo de autovía dos adultos hiperestimulados e sobreprotectores de agora con risco, pero seguro dunha cousa, o sentido do tempo de non facer nada. Era algo que, máis que saberse, pasaba. Hoxe o tempo dos adolescentes é outro, é «tempo de uso».

Hai un tempo en desuso que defendo neste comezo de curso dende unha vontade de resistencia que nunca é como a proxecto, o tempo de esperar unha chamada que pode producirse ou non para falar de nada, o de non ter plan nin *scroll* que nos precipite por ese baleiro interesante. Ese tempo en desuso é o que boto en falta mentres, confeso, vou buscar polas redes a última clase en galego de Totakeki, a mellor receita da torta de chocolate de *Matilda* ou leo coma unha adolescente sen límites de tempo de uso *Yo que nunca supe de los hombres*, o «fenómeno en TikTok» que popularizou Dua Lipa. O meu pode ser *Future Nostalgia*... Quen soubese hoxe facer nada!

**Soluciones**

Punto de vista: 2

Cuenta cubos: 15

Conecta



Reinas



Flor de palabras

BUSCAR
FISCAL
PASCUA
DISCOS





Roscas heredadas

1: PALPITAR
2: MURMULLO
3: PRESUMIR
4: ALIMENTO

**Coordinación:** Sara Carreira / **Asesoría:** Jesús Garrido / **Redacción:** Lucía Cancela, Sara Cabrero, Carlos Ocampo, Sara Pérez, César Rodríguez e Ana Abelenda / **Ilustración:** Pinto & Chinto e Pilar Canicoba / **Deseño:** Manuela Mariño

## *DÍA MUNDIAL DO CORAZÓN*

# Por que non poderiamos vivir sen el?

*Celebramos unha xornada para concienciar sobre a importancia de coidar a súa saúde*

S. PÉREZ

Din que ningún órgano é máis importante ca outro no corpo humano porque cada un ten a súa función vital, pero sen o corazón —ao que lle dedicamos o día mundial este luns para concienciar sobre as enfermidades cardiovasculares—, que sería de nós? En resumidas contas, nada; porque non podemos vivir sen el.

O seu cometido é manter o sangue en movemento no corpo de xeito constante. E iso é o que fai con cada latexo, de forma que transporta o alimento preciso a todas as nosas células, a través da absorción do osíxeno (o aire que respiramos) e nutrientes (a enerxía da comida). Seguro que xa vos contaron nalgunha clase o máis básico do funcionamento do corazón.

Para comezar, podemos pensar nel como un músculo moi forte do tamaño dun puño que está situado no peito, tirando algo máis cara á vosa esquerda. Ten dous lados separados: un, o dereito, no que recibe o sangue que xa circulou polo corpo e que a envía aos pulmóns. Neste momento podemos dicir que está sucio. Aí, énchese de osíxeno e límpase, indo de volta ao corazón polo outro lado, o esquerdo, que lle dá pulo e o impulsa a todos os músculos, ao cerebro (outro dos órganos sen o que tampouco sería nada de nós) e a todo o corpo para que poidan traballar. Amais, cada lado ten unha cavidade (as dúas de arriba chámanse aurículas, e as de abaixo, ventrículos). En total, hai catro partes separadas. E todo o sangue circula a través dos chamados vasos sanguíneos. Son unha especie de tubos: as arterias (os camiños de saída do sangue limpo) e as veas (os de regreso ao corazón).



Ilustración: Pilar Canicoba

Sabedes cantas veces latexa ao minuto? O normal é que nun adulto en repouso sexan entre unhas sesenta e unhas cen veces. Nos nenos as pulsacións adoitan ser máis altas. Pero iso cambia, por exemplo, se nos poñemos nerviosos por algo co que non contamos ou se facemos exercicio. Seguro que vos pasa na clase de Educación Física, cando xogades, corredes ou patinades, non?

Aínda que o corazón está dentro de cada un, temos unha forma de saber que está funcionando dende fóra: co pulso. Sabedes como se mide? É moi fácil: poñedes os dedos índice e medio en calquera parte do corpo onde haxa unha arteria grande —a boneca ou o pescozo son dous bos sitios—, facedes presión ata sentir o golpe do latexo e contades as veces que o fai durante quince segundos. Logo o único que tedes que facer é multiplicar ese número por catro para obter os latexos por minuto. Sinxelo, non? Un consello, non o miredes nos dous sitios á vez!

### PARA SABER MÁIS

Que se vos ocorre que poderiades facer cada día para manter o voso corazón san? Facede unha listaxe de recomendacións. Douvos unha pista: centrádevos na alimentación e o exercicio.

## *DESAFÍOS DEMENTE!*

por **Agustín Fonseca** (pasatiempos.ijlab.es)

### Reto N.º 1 — PUNTO DE VISTA ★★★★

▸ Indica cuál de las imágenes de la derecha se corresponde con la vista superior de la figura maestra.




### Reto N.º 2 — CUENTA CUBOS ★★★★

▸ ¿Cuántos cubitos faltan para completar un gran cubo de 4x4x4 cubitos?



### Reto N.º 3 ★★★★ — MEMO TEST

▸ Tapa por debajo de la línea de puntos para no ver la parte inferior del pasatiempo. Luego, memoriza durante unos segundos las siguientes ilustraciones:



Ahora, tapa la parte superior e identifica cuáles de las imágenes de abajo se encuentran en la parte de arriba.



### Reto N.º 4 — CONECTA ★★★★

▸ El objetivo es formar caminos entre todas las casillas numeradas de manera que cada uno comience y termine en las que tienen el mismo número. Los caminos no pueden cruzarse entre sí y todas las casillas del tablero deben utilizarse en algún recorrido.



### Reto N.º 5 — REINAS ★★★★

▸ Ubica a las reinas sin conflicto: Coloca una reina en cada uno de los 7 reinos delimitados por líneas gruesas. Las reinas no deben atacarse entre sí: no puede haber más de una por fila, columna o diagonal.



### Reto N.º 6 ★★★★ — FLOR DE PALABRAS

▸ Coloca dos letras en el centro de la flor de manera que, con las existentes, se puedan formar cuatro palabras.




Ejemplo:
RASTRO
MÁSTIL
POSTAL
PASTOR




### ¿Sabías que...?



*La pororoca es una ola que se forma en el Amazonas cuando el Atlántico choca contra el río. Puede avanzar kilómetros tierra adentro durante varios minutos, rugiendo como un trueno.*

### Reto N.º 7 — HEREDADAS ★★★★

▸ Cada rosca esconde una palabra que se puede leer en el sentido de las agujas del reloj o al revés. Cuando resuelvas la primera de la izquierda, traslada la letra nueva a la casilla de la siguiente rosca indicada por la flecha y así sucesivamente con las demás.



Soluciones en la página 3